PARLAMENTO DE GALICIA

[MVAG/MSGN]

Acta da sesión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, do día 5 de xullo de 2024

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, o día 5 de xullo de 2024, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

María Encarnación Amigo Díaz
(Presidenta)
José Manuel Mato Díaz
(Vicepresidente)
Montserrat Valcárcel Armesto
(Secretaria)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Enrique Barreiro Sánchez
Cristina Campero Dorado
Juan Manuel Casares Gándara
Nicole Grueira Fernández
Ángel Rodríguez Conde
Cecilia Vázquez Suárez
Miguel Ángel Viso Diéguez

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Xosé Luís Bará Torres
Iría Carreira Pazos
(en substitución de Ariadna Fernández González)
Secundino Fernández Fernández
Sonia Vidal Lamas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Lara Méndez López
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Comparecentes:
Director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias
Director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria
Director xeral de defensa do Monte
Letrada:
María Vicenta Aneiros González

A señora presidenta abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

A Presidencia dá conta da entrada no Rexistro do documento número 6539, polo que a Xunta de Galicia solicita o aprazamento da pregunta número 1107, por imposibilidde de asistencia da persoa encargada de darlle resposta por motivos de axenda. Aprazamento que se acepta por asentimento.

1.2 1107 (12/POC-000165)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre o estado en que están os estudos previos á actualización da lexislación sobre os montes veciñais en man común e a elaboración do libro branco comprometido polo Goberno galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f2, do 18.04.2024

Aprazada por petición da Xunta de Galicia (documento número 6539, que se xunta á acta como anexo).

Éntrase no desenvolvemento das restantes iniciativas incluídas na orde do día:

Punto 1. Preguntas

1.1 787 (12/POC-000087)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e 8 máis
Sobre a evolución da contratación de seguros agrarios polas explotacións agrogandeiras e forestais tendo en conta as axudas da Consellería do Medio Rural destinadas a fomentalos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11f2, do 15.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra a **señora Vázquez Suárez, Cecilia (P)**, que expón os motivos nos que se basea a formulación desta iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **señor director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (Consellería do Medio Rural), Silvestre José Balseiros Guinarte**.

En rolda de réplica, a **señora Vázquez Suárez, Cecilia (P),** agradece as explicacións pormenorizadas a respecto dos seguros agrarios.

Pecha o debate desta iniciativa o **señor director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, Silvestre José Balseiros Guinarte,** valora as verbas da deputada e engade máis datos.

A Presidencia agradece a presenza do señor Balseiros Guinarte nesta sesión da Comisión á vez que lle desexa unhas boas vacacións.

1.3 5985 (12/POC-000857)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Barreiro Sánchez, Enrique e 9 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para frear as futuras baixadas de prezos no sector leiteiro e a súa postura en relación co diferencial de Galicia fronte ás demais comunidades autónomas neste aspecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43f2, do 26.06.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Barreiro Sánchez, Enrique (P)**, que expón os motivos nos que se basea a formulación das cuestións concretas que figuran na iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento.

En representación da Xunta de Galicia, contéstalle o **director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria, (Consellería do Medio Rural), Juan José Cerviño Varela**.

En rolda de réplica, o **señor Barreiro Sánchez, Enrique (P),** agradece a información recibida e comenta brevemente a mesma.

Pecha o debate desta iniciativa o **director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria, Juan José Cerviño Varela**, pecha o debate aportando máis datos sobre o tema obxecto da pregunta.

O señor presidente agradece a presenza da señor Cerviño Varela nesta sesión da Comisión e deséxalle un bo período estival.

1.4 6159 (12/POC-000877)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e 4 máis
Sobre a convocatoria da Mesa de seguimento do acordo das enxeñeiras e dos enxeñeiros forestais do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPDIF) e a elaboración de protocolos e directrices para a organización das brigadas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43f2, do 26.06.2024

A **señora Valcárcel Armesto, Montserrat (BNG),** procede á defensa e formulación da súa iniciativa, ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que están publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Para dar resposta a esta pregunta intervén, en nome da Xunta de Galicia, o **señor director xeral de Defensa do Monte (Consellería do Medio Rural), Manuel Rodríguez Vázquez.**

En rolda de réplica, a **señora Valcárcel Armesto, Montserrat (BNG),** comenta os datos aportados polo señor director xeral cos que non concorda e sobre os que expón novas consideracións.

Pecha o debate da iniciativa o **señor director xeral de Defensa do Monte, Manuel Rodríguez Vázquez**, ampliando e reiterando a información sobre algunhas cuestións concretas ás que fixo referencia a señora deputada na súa intervención inmediatamente anterior.

A Presidencia agradécelle ao señor Rodríguez Vázquez a súa presenza e colaboración cos traballos da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse para atender outras obrigas.

Asemade, a señora presidenta aproveita para felicitar aos bombeiros forestais, e concretamente ao distrito 7 de Cervantes. A este respecto o señor Bará Torres, Xosé Luís (BNG) entende que debería de absterse de facer comentarios que considera que son xuízos de valor e opinións improcedentes. A Presidencia pecha o debate clarexando que non fixo ningún xuízo de valor e soamente se limitou a felicitar aos bombeiros forestais da súa comarca.

Pásase ao debate do seguinte punto da orde do día:

Punto 2. Proposición non de lei

2.1 5697 (12/PNC-000683)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Vidal Lamas, Sonia e 3 máis
Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo para impulsar o crecemento do sector ovino e a comercialización da la en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 40f1, do 19.06.2024

PARLAMENTO DE GALICIA

A **señora Vidal Lamas, Sonia (BNG),** explica os motivos que xustifican a presentación desta proposición non de lei, ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar a **señora Méndez López, Lara (S),** para manifestarse a prol da proposición non de lei defendida.

Nesta mesma rolda intervén o **señor Viso Diéguez, Miguel Ángel (P),** expón diversas consideracións sobre a intervención da propoñente, e motiva o posicionamento do seu grupo en contra desta iniciativa de impulso ao Goberno.

A **señora Vidal Lamas, Sonia (BNG),** fai uso da rolda de puntualizacións para agradecer o apoio anunciado polo grupo da oposición, logo de amosar a súa discrepancia cos argumentos do grupo maioritario.

A seguir procédese á votación da proposición non de lei:

2.1 5697 (12/PNC-000683), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

Rematada a orde do día, a Presidencia agradece o labor dos deputados e dos servizos da Cámara e deséxalles un bo período estival.

Remata a sesión ás 12:20 horas.

María Encarnación Amigo Díaz

Firmado digitalmente por María Encarnación Amigo Díaz
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María Encarnación Amigo Díaz, email=maria.amigo.diaz@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.09.09 10:15:31 +02'00'

María Encarnación Amigo Díaz
Presidenta

Montserrat Valcárcel Armesto

Firmado digitalmente por Montserrat Valcárcel Armesto
Fecha: 2024.09.09 08:59:58 +02'00'

Montserrat Valcárcel Armesto
Secretaria da Comisión